



## A TODOS OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DA SEGURIDADE PRIVADA

Como xa sabedes, o pasado xoves 24 de xuño tivo lugar unha nova xuntanza de negociación do Convénio Colectivo de Seguridade Privada. E novamente, asistimos a unha vergoñenta situación na cal a patronal, coa sua chuleria habitual, mesmo retirou a sua anterior oferta salarial (0% no 2009, 0,3% no 2010), para non ofrecer nada e pospoñer a negociación a outubro, a cal seguirá ou non “*en función da situación económica do estado español*”. Todo apunta a seguir sen convénio xa non só o 2009 e o 2010, senón probablemente o propio 2011. Desta volta todas as centrais sindicais (afortunadamente) manifestamos unitariamente o noso rexeitamento a esta postura.

Desgrazadamente, non podemos falar na seguridade privada nen sequer de conxelación salarial. O que está acontecendo é **perda de poder adquisitivo**. E isto é facilmente explicable. De entrada, xa perdimos o IPC final dos anos 2008 (1,4%) e 2009 (0,8%). Igualmente, no 2010, o Goberno do estado español subeu o IRPF en 400 euros, o que representa exactamente un 2,57% sobre o salario dun Vixiante de Seguridade en cómputo anual. Asimesmo, a suba do 2% no IVA en todos os produtos de consumo a partires de xullo do 2010, fai que o total acumulado de perda salarial real e directa sexa desde o 2009 dun 6,77%. É dicir, **desde o ano 2009, temos de perda de poder adquisitivo 87 euros mensuais e 1051,5 euros anuais**. Os traballadores e traballadoras da Seguridade Privada non estamos co salario conxelado, estamos perdendo cartos. E namentres as empresas seguen a actualizar os prezos aos clientes e continúan a manter as suas marxes de beneficio.

Non queremos nesta folla informativa voltar a falar da lamentábel actuación sindical que non é capaz de topar saídas a esta situación. O único que temos claro desde a CIG é que isto non pode seguir así. Non podemos permanecer calados como traballadores e traballadoras e seguir a perder dereitos. Non podemos estar quietos namentres nos chulean e rouban o salario que gañamos traballando todos os meses. Hai que mobilizarse e loitar.

É por ese motivo polo cal, desde a CIG, decidimos retomar as mobilizacións por un Convénio Digno e con Dereitos, entendendo que só este camiño será o que nos permita recuperar o que nos están roubando. **E comezaremos na Coruña, o día 20 de xullo, realizando unha concentración-manifestación coincidindo coa apertura do IKEA nesta cidade**. Pensamos que é unha boa ocasión para dar a coñecer a situación do sector a toda a cidadanía que acuda a esta inauguración. Participa e loita!!

**20 de xullo, ás 10:00 h., todos e todas á inauguración do IKEA na Coruña.!!**